




O

F



a

c

h

o

Nº 7

2016




O caderno de Bichácora

Familia de Denis Córdoba, 5ºA



Ilustración de Elsa Marcos, 5 años A





Revista realizada polas alumnas e alumnos, mestras e mestres, ANPA e
persoal non docente do CEIP Nazaret.

EDITORIAL **1**

3 ANOS A **2**

3 ANOS B **4**

4 ANOS A e B **6**

5 ANOS A e B **10**

1ºA e B **14**

2ºA e B **18**

GALERÍA IMAXES (TIC) **22**

3ºA **26**

3ºB **28**

4ºA **30**

4ºB **32**

5ºA **34**

5ºB **36**

6ºA e B. L. GALEGAS _ MANUEL MARÍA **38**

6ºA e B **40**

BIBLIOTECA **42**

ANPA **44**



EDITORIAL

Este curso que remata podemos dicir que o colexio converteuse nun lugar con moita bichería. Hainos de moitas cores e tamaños: xoaniñas, abellas, bolboretas... ata virus e bacterias.

Pois ben, aquí estamos compartindo unha experiencia agridoce, xa que estamos moi contentos de redactar este editorial pero, por outra banda, estamos tristes porque se achega a hora de despedirnos deste fanfástico colexio.

Aínda nos lembramos de cando eramos aqueles ananos bichiños, cando todos tiñamos tanta vergoña que non nos atrevíamos a falar entre nós, tanto chorabamos, como riabamos, como xogabamos, como nos pelexabamos... ler e escribir era algo descoñecido para nós.

Na nosa transformación tiveron moito que ver uns bichos sabios que nos ensinaron como coller o lapis, como facer debuxos, como recoñecer as letras, como escribilas e como contar historias. Sen esquecer contar cantos somos, cantos faltan, quen é o primeiro...

Tamén voamos, corremos e saltamos polas rúas simulando ser outros bichos celebrando festas de entroido, magostos ou coñecendo outros lugares. Tivemos unha sensación especial cando nos metemos noutro bicho que zumbaba e voaba máis ca nós: o avión, que nos levou tan lonxe como de aquí a Barcelona.

Agora , que xa coñecemos cada recuncho deste lugar e mudamos a bichos grandes, temos que partir para outra pensando que deixamos unha pequena, pero moi importante, pegada na historia deste colexio. Teremos que sobrevivir ás adversidades dun novo lugar, o instituto, pero nunca vos esqueceremos, tivemos aquí momentos felices e tamén tristes. Grazas pola acollida. Ánimo, bichos! Voltaremos a picar algo por aquí.

ATA SEMPRE NAZARET!!!

Alumnado de sexto

MANUKA

HONEY

PROXECTO, MEL DE MANUKA. DAS FLORES Ó MEL.

En Nova Zelandá, no Val de Manuká, hai un arbusto que usan os maorís para curar as súas doenzas. O capitán Cook empregouno para facer té, por iso tamén se chama árbore do té. As abellas zugan nas flores de manuká e fan un mel que, ó parecer ten propiedades bactericidas. O mel de manuká é moi apreciado en todo o mundo.



BECHIÑOS CON ARTE



AS NENAS E NENOS DE 3 ANOS A ESTÁN FEITOS UNS ARTISTAS.

CON MOITO CARIÑO E ESFORZO, MIRADE QUE COUSAS TAN BONITIÑAS SON CAPACES DE FACER.

PARABÉNS PARA ESTES CATIVOS!!!



AS ABELLAS

ESTE ANO NA CLASE DE 3ANOS B INVESTIGAMOS SOBRE AS ABELLAS. RECIBIMOS A VISITA DO TÍO PEPE, FAMILIAR DE PABLO, QUE É APICULTOR.




ENSINOUNOS MOITAS COUSAS CON VIDEOS E DE FORMA PRÁCTICA, AFUMÁNDONOS COMO O FAI PARA QUE AS ABELLAS NON O PIQUEN MENTRAS RECOLLE A MEL, OU ABRINDO CUN COITELO ESPECIAL, A CERA PARA PROBAR O MEL DIRECTAMENTE DO PANAL.



TAMÉN ENSINOUNOS AS ROUPAS QUE LEVAN, COMA UN BUZO CUNHA REDE NA CARA OU LUVAS ESPECIAIS QUE VAN ATA O CÓBADO. E ATA NOS DEIXOU NA CLASE UNHA DAS SÚAS COLMEAS.




PASAMOLO MOI BEN E FIXO QUE NOS INTERESARAMOS MAIS POR ESTES PEQUENOS INSECTOS. GRAZAS TIO PEPE.






AS NOSAS INVESTIGACIÓNS DERON LUGAR AO NOSO RINCÓN DE INSECTOS ONDE CONVIVEN TODA CLASE DE ESPECIES COAS NOSAS AMIGAS AS ABELLAS, ENTRE ELAS A BEN



QUERIDA ABELLA MAYA.

FIXEMOS ATA UN TRES EN RAYA NO QUE COMPITEN



XOANIÑAS CONTRA ABELLAS.

A GRAN FESTA VAI VIR CANDO VAIAMOS NO MES DE MAIO A APÍPOLIS, ONDE PODEREMOS POÑER O TRAXE DE APICULTOR E FACER O MESMO QUE FAI "TIO PEPE".





O MONSTRUO DE CORES.

(NENOS E NENAS DE 4 AÑOS)



SON O MONSTRUO DE CORES

HOXE ERGUINME, RARO,

CONFUSO, APAMPADO, NON SEI O QUE ME PASA.



IVÁN



JANI



DIANA



SON A LEDICIA

BRILLO COMA O SOL, E PESTANEXO COMO AS

ESTRELAS. CANDO ESTÁS ALEGRE, RÍS, SALTAS, BAILAS E QUERES

COMPARTIR A TÚA LEDICIA COS DEMAIS.



NOA



ALEJANDRO



MARTÍN



PAULA



ADRI



CLAUDIA



ANTÓN



BREIXO



RAÚL.M

HUGO

LEIRA



SON A TRISTEZA DOCE COMA O MAR E COMA OS DÍAS DE CHOIVA, CANDO ESTÁS TRISTE AGOCHASTE E QUERES ESTAR SÓ.



AROA

SERGIO

LEIRE



SON A RABIA VERMELLA VERMELLONA, CANDO ESTÁS ANOXADO SENTES QUE TODO É INXUSTO E ANÓXASTE CON TODO O MUNDO.



PABLO

MAURO

ROKE



SON O MEDO , ESCAPO COMO UN LADRÓN NA
ESCURIDADE, CANDO TES MEDO SENTES QUE TE FAS PEQUENO E QUE
NON PODES FACER O QUE CHE PIDEN.



YAGO

MARIAM



SON A CALMA , SUAVE COMO AS ÁRBORES, E
LIXEIRA COMO UNHA FOLLA Ó VENTO, CANDO ESTÁS EN CALMA
RESPIRAS PROFUNDAMENTE, E ESTÁS EN PAZ.



LOLA

NICOLÁS

KEVIN



SIDY

RAÚL.S

TIAGO



SON O AMOR

...SÍNTOME NAMORADO.



ROMAYSSAE



SERGIO



ENIA



VEGA



VERA



IBAI




PAULA



CANDELA




MARÍA




FIN

OS BICHOS DO XARDÍN


os insectos teñen o corpo dividido en 3 partes:




Na cabeza atopamos:




No torax atopamos:




Os insectos teñen 6 patas
As arañas 8 patas e os
caracois non son insectos.




non teñen patas



Alguns insectos viven formando
grupos organizados que se
chaman





Os insetos realizam
distintos trabalhos na
Natureza




depredadores




fabricam seda



reciclado



fabricam mel




degradante

sabedes cal é un libro moi interesante
para ler? o monstro das emocións e
sabedes que é mellor e máis interesante?
relacionar os bichos coas emocións, a
que parece divertido?

Este ano os nenos de 1º de primaria elaboramos todos xuntos
o libro das "Bichoemocións" un libro que ademais presentamos

no Salón do Libro en Pontevedra

Este é o noso traballo



A nosa bicho-portada



Unha boa mesa de traballo co material necesario

Imos coñecer a cada un dos nosos Bicho-Monstros



Este é Alegría coa súa Abella



Tristeza ven acompañado dunha fermosa Libélula



O Monstro da Rabia e o Escarabelo



E o máis terrorífico de todos: O Monstro do Medo coa súa Araña

OS PIOLLOS DA CABEZA

Son insectos duns 2-4mm de longo, de cor gris e viven entre os cabelos , onde atopan un ambiente húmido e cálido .

Son parásitos que se alimentan de sangue.

Poñen ovos pequenos chamados lendias.

TEN EN CONTA.

Habitan nas cabezas limpas e sucias tamén se poden atopar nas cellas e nas pestanas.

Contáxianse polo contacto con outras persoas. Móvense moi rapidamente.

Son moi frecuentes, especialmente nos nenos e nenas.

Non transmiten ningunha enfermidade.

Producen proído na cabeza.

EVITAR

COMPARTIR CEPILLO, SOMBREIROS TOALLAS, CUNHA PERSOA QUE TEÑA PIOLLOS.

EVITAR A PROXIMIDADE ENTRE AS CABEZAS.

REMEDIO NATURAL

Mestura de dúas culleradas de maionesa cunha de vinagre. Tamén unha pinga de aceite da árbore do té.

Estendela ben por todo o cabelo e deixalo durante dúas horas.

Aclarar ben e pasar a un peite especial para as lendias.

VISITA AO SALÓN DO LIBRO

O 7 de abril fomos de visita ao Salón do Libro, este ano estaba dedicado aos bichos e o conto elixido era o de Estravaganzza Pérez.

A primeira hora fixemos talleres.

Os de Segundo A fixemos unha manualidade que era un flamengo.

O flamengo fíxose con 2 rolos de papel usado, papeis de cores, un pauciño longo, 6 fíos, 3 grosos e 3 finos, 1 folio que servía para o peteiro e para o seu ollo, tamén fixemos ás de cartolina branca que pintamos como quixemos.

Máis tarde contáronnos unha historia sobre Estravaganzza Pérez, os seus pais eran biólogos e ela atopou un mapa coas paradas dos seus pais. A primeira parada de Estravaganzza foi o “Océano verdura” e tiña 2 camiñas con froitas e verduras de peluches, despois fomos á “Ínsua das Estatuas”, cunha estatua con forma de tiki.

A terceira parada foi “A selvática profunda” onde Estravaganzza caeu dunha ferverenza e perdeu os dentes.


Os de Segundo B participamos nun taller onde aprendemos moitas cousas sobre as vacalouras, como que se alimentan de restos de árbores en descomposición e que hoxe en día están en perigo de extinción.

Por parellas inventamos os nosos “bichitos”, como o bichoabelloso, con medio corpo de bolboreta e medio de abella; o bichogalaxia, o bichomedo, a mariquiposa, a maqui ou a marisepivoadora, con cabeza de xoaniña, corpo de serpe, pés de abella e ás de bolboreta.

Despois todos xuntos visitamos diferentes salas, a das cabazas, a sala escura con animais nocturnos, a do océano,

No salón había expostos unha chea de traballos de diferentes colexios e tamén estaba o noso: “OLLO AO PIOLLO”.

O P I O L L O





GALXIA FOR

Mariquiposa

Bicho Abeloso



Nadal. Adornos. El 4 anos



Nadal. O Apalpador. El 5 anos



Día da Paz. "Porta d*s refuxiad*s"



Día da Non Violencia de Xénero. Mural 5º e 6º Primaria



Nadal. Concello: "Belén" ganador El 5 anos



Nadal. Flashmob

Nadal. Árbore "Bichiños"



Samain



Magosto. Asando castañas.

Magosto. Xogos populares.




Magosto. Xogos.

Entroido. Cantando as coplas no colexio.






Entroido. Cantando as coplas no colexio.



Salón do Libro. "Bicho-emocións". 2º Primaria










Salón do Libro. "Piollos". 2º Primaria



Salón do Libro. "Xardín Infantil". El 5 anos

cantos bechos!!!





 XOANIÑAS 3ºA 

A BOLBORETA

Houbo unha vez unha bolboreta

que estaba noutra de nunha flor

Veu un poeta

e lle escribiu un poema de amor.



A bolboreta estaba moi feliz
e sentíase lada
atopouse a súa amiga a perdiz
e lle fizo un xersei de seda.



Tiña raias como unha abella
e puntinhos como a xoanina
duroulle ata que foi vella
e iso que lle regalou
cande era pequeneciña.



Poetas e poetisas de 3º B

UN MUNDO DE PUNTOS




A profe Susana visitou a nosa clase para ensinarnos UN MUNDO DE PUNTOS.

Aprendimos unha morea de cousas sobre o Braille: quen foi o seu inventor, como é o sistema da escritura e lectura en braille, quen é Brailín, que é a máquina Perkins e como se utiliza...



Tamén traballamos a técnica do puntillismo aplicada a algúns debuxos de Bichiños.




Con toda esta información elaboramos un libro que poderedes consultar na exposición da biblio.



BECHIÑOS CON ARTE I

No pectoral do faraón Tutankamon hai un escaravello no centro de cor azul, feito con lapislázuli.

Este pectoral e outros moitos obxectos, atopáronos en 1922 na tumba do faraón que estaba case intacta.



Os naturalistas utilizan a ilustración para copiar a realidade que se ve.

Hai que ter en conta que nesa época aínda non se inventaran as cámaras de fotos nin de video.

Eran coma unha mestura de científicos e exploradores. Estudaban, pintaban e rexistraban novas especies de maneira realista.


Esta araña está realizada en bronce, aceiro inoxidable e mármore.

Pesa 20.000 Kg e mide 9m.

Podes pasar por debaixo e ves o ventre cheo de ovos pegados.

Chámase Maman (mamá en francés) porque a súa creadora Louise Bourgeois era francesa.

Atópase a carón do museo Guggenheim en Bilbao.




BECHIÑOS CON ARTE II

Este cadro titulado Principio e fin é de estilo surrealista.

Os pintores surrealistas pintan un mundo absurdo, ilóxico, como se fora un soño.

O autor, Urbano Lugrís, naceu en Coruña en 1908 e morreu en Vigo no 1973.




Esta máscara parece feita con bechos, pero son xoias en forma de bechiños. Moitos artistas fixeron versións desta máscara.

Darth Vader é un terrible cyborg que participa nunha guerra na galaxia.

As formigas culonas chámanse así porque teñen moitos ovos no seu ventre e está moi grande. En Colombia cómenas moitísimo. Son moi nutritivas e baixan o colesterol.

O ano pasado en Bucaramanga - Santander (Colombia) montaron un paseo de 20 esculturas destas formigas.



OS BICHOS NO CINE

Dende a creación do cine, os bichos aparecen en múltiples formas xa sexa coma personaxes populares ou coma monstros que deben ser exterminados.

En moitas películas, que soen ser de ciencia ficción e/ou terror, os bichos son criaturas xigantescas, que atacan aos humanos, e onde a condición de xigantes débese a mutacións, provocadas sobre todo por radiacións ou por manipulación xenética ou algún que outro “científico ou experimento fora de control”. É dicir que, en xeneral, non se proxecta unha imaxe positiva destes animais, polo contrario, os consideran asasinos, malos ou os ridiculizan. A excepción son algunhas películas de debuxos animados. Consideremos que do millón de especies identificadas polos científicos calcúlase que menos de 10 000 especies son perxudiciais para o home e as súas pertenzas: os cultivos, os animais domésticos, os grans almacenados, etc.



Outra cuestión interesante, é que tanto nas películas de ciencia ficción ou terror, como nas películas de animación en particular, os bichos teñen rasgos e cualidades humanas, e nalgúns casos camiñan con dúas patas e usan un par de apéndices como brazos. Por outra banda, a cara é parecida á dos humanos, con ollos, orellas, nariz e como no caso de “Pepito Grillo” personaxe secundario de la famosa película de Disney “Pinocho” del año 1940, las simpáticas formigas de Antz (1998) ou os personaxes de Bee Movie (2007).

Entre os bichos teñen un lugar destacado as arañas. Hai unha gran cantidade de películas nas que é protagonista ou ten un papel importante nelas.



As veces son protagonistas absolutas dalgunhas películas, a araña, ou centos delas, son o monstro a bater; outras veces nun monstro máis entre moitos outros. Arañas de todos os tamaños e todas as especies, arañas extraterrestres, e homes que mutan en araña ou gañan parte das súas habilidades, o cine regalounos un puñado de filmes con abundantes criaturas de oito patas... Fagamos un repaso!

Relacionadas co cine de terror e monstros citaremos, entre outras:

ARAC ATTACK

ARACHNID

ARACNOFOBIA



Películas nas que a araña ten un papel importante destacan:
HARRY POTTER e A CÁMARA SECRETA

O INCRIBLE HOME MINGUANTE, na que hai unha escena na que un diminuto home enfrontase a unha araña armado cunha agulla de coser.



O SEÑOR DOS ANEIS, O RETORNO DO REI.

Cando o protagonista Frodo é atacado por “Ella” a araña.



SPIDER-MAN. Onde o superheroe obtén os seus poderes da picadura dunha araña.



TELARAÑA DE CARLOTA. Película infantil na que a araña ten un papel diferente ao habitual.

Amigos ou Enemigos

Objetivo:

Identificar taxonómicamente os insectos que nos atopamos no noso campo de cultivo e diferenciar entre insectos benéficos e insectos peragaxos.

1. Introducción:

Non cultivo agrícola ou nas plantas do noso xardín podemos atopar unha gran diversidade de insectos que poden ser perxudiciais, ou benéficos.

- **Plaga agrícola:** podemos definila como aquel organismo que ten unha densidade de poboación que excede o umbral preestablecido polo ser humano, ocasionandolle un perxuício económico.
- **Insectos benéficos:** defínense como aqueles que producen ventajas aos humanos. Poden ser polinizadores ou enemigos dos insectos peragaxos.

2. Material:

- Manga
- Fitas transparentes
- Alcohol
- Papel ou cartizo
- Pinceis
- Aspirador
- Lupas
- Algometes nº2
- Cartulinas pequenas
- Microtubos
- Caixas



3. Procedimento

1. Observaremos que insectos nos atopamos na nosa parcela de cultivo e cal é o seu compartemento.


Deberedes anotari o seguinte:

- É un individuo solitario ou forma colonia.
- Esta localizado nunha zona ou moveuse dunha planta a outra.
- Se atopa nas follas ou nas flores.
- É alado ou áptero
- Cal é o seu tamaño aproximado.
- Ten cores vistosas ou apagadas.
- Como se interactúa con outros insectos que hai no cultivo? Dicha interacción é beneficiosa (ex. formigas e pulgóns) ou perxudicial (ex. xarvínas e pulgóns).
- O consideras insecto praga ou beneficioso.

Todo iso o anotaremos no noso caderno de campo e sempre que sexa posible, sacaremos unha foto de eles.

2. Unha vez que coñezamos o seu compartemento tomaremos unha mostra dos diferentes insectos:

a. Para a captura de insectos pequenos, utilizaremos un pincel ou un aspirador e os introduciremos en microtubos con leite.



A HORTA DO TERCEIRO CICLO

Aos nenos e nenas de 5ºB gustaríanos contarvos a nosa experiencia co cultivo orgánico, en realidade, é a experiencia dos quintos e sextos xa que estamos participando nun proxecto chamado Ciudad Ciencia.

O primeiro que fixemos foi montar a composteira. Durante case dous meses estivemos encargándonos de facer o noso compost. Para isto, fomos traendo restos orgánicos da casa e aproveitando os que saían das nosas merendas. Cando



comezamos, pensabamos que nunca encheríamos un caixón tan grande, pero logo comezou a semana da froita no cole e... NUNHA SEMANA TIÑAMOS A COMPOSTEIRA CHEA!. Isto non abundou, o compost é un proceso que require moito mimo. Sí, sí, estades lendo ben...O LIXO TAMÉN QUERE MIMO!

Houbo que facer medicións de temperatura, remexer, botar cartón para que non estivera demasiado húmido e, incluso, darlle unha axudiña; as lombrices que trouxo o profe Jose. O caso é que agora temos un compost marabilloso que nos permitirá ter o mellor horto de todo Cangas e parte do estranxeiro.

Pero claro, o horto precisa plantas porque senón ¿qué sentido tería?. Dende Ciudad Ciencia mandáronos un kit para que puxéramos a xerminar xudías e neso estamos. O proceso foi bastante fácil. Nuns portas puxemos vermiculita (un mineral en pó), papel secante húmido e as xudías que xusto agora están así: listas para levar ao noso horto!

Como as xudías non nos gustan moito e nos queremos comer o que nos dea a terra. Así pois, os profes decidiron que tamén plantaríamos






unhas leitugas para facer unha ensalada un día.
Unhas medraron máis ca outras pero en realidade
están ben fermosas.

E con compost para abonar e alimentos que plantar,
só queda o lugar. Un día o profe Jose chegou e
díxolle á profe Lúa: " Preciso voluntarios para
sachar". A profe Lúa escolleu aos que mellor se
portaron ese día e alá se foron, rastrillo en ristre e
sacho en man, a sacar as pedras e a remover a
terra. Agora temos dúas preciosas parcelas onde plantar os nosos cultivos.



É unha mágoa non poder adxuntar a foto da gran comilona final.





MANUEL MARÍA

MANUEL MARÍA



Manuel María Teixeira naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. Comeza a escola en Outeiro en plena guerra civil. Inicia o Bacharelato no curso 1942-43 no Instituto Masculino de Lugo. Antes de rematar o primeiro curso, en maio de 1943, morre o seu pai e faise cargo da súa educación o seu tío paterno. En Lugo comeza a súa precoz carreira literaria participando, á idade de 20 anos, no ciclo de conferencias “Jóvenes valores lucenses”. Esta primeira conferencia serviulle para entrar en contacto cos integrantes da tertulia do café Méndez Núñez (Pimentel, Fole, Rof Codina...) que o poñerán en contacto coa realidade galega, tanto interior como do exilio. Nesta primeira etapa da súa vida, publica o primeiro poemario , *Muiñeiro de brétemas* (1950), co que se inaugura a denominada “Escola de Tebra”.

En 1956 Manuel María coñece a Saleta Goi e ábrese aí unha nova etapa persoal na vida do escritor. Casan en Lugo tres anos máis tarde e pouco despois instálanse os dous en Monforte de Lemos, onde o poeta exercerá a actividade profesional de Procurador até a súa xubilación. En 1958 funda a editorial Xistral, onde publica os seus primeiros versos en galego e na que, baixo a súa dirección, se inicia a aparición dunha colección poética titulada Val de Lemos, na que publican traballos Celso Emilio Ferreiro, Lois Diéguez, , Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo.

O compromiso de Manuel María ao longo de todos eses anos lévao a participar en importantes acontecementos para a cultura galega e para o País. Nos axitados anos sesenta e setenta Manuel María participa na reorganización política, na clandestinidade, dos partidos nacionalistas, e atende aos chamamentos e peticións que lle chegan de todas as organizacións que, ao longo e ancho do país, andan a traballar pola recuperación cultural: desde impartir conferencias ou recitar poemas a presentar á Nova Canción Galega.

A súa obra literaria diversificase e multiplicase de acordo cos novos tempos: ensaio, narrativa, teatro... sen abandonar o cultivo da poesía na que se compromete co ser humano, coa súa xente, coa súa realidade social, en definitiva, co seu pobo. En 1998 Manuel María e Saleta trasladan a súa residencia á cidade da Coruña, onde pasa os seus últimos anos . O oito de setembro de 2004 falece na Coruña.

ALGUNHAS DAS SÚAS OBRAS

POESÍA:

- “Muiñeiro de brétemas”*(1950)
“Advento”(1954)
“Documentos persoais”(1958)
“Mar Maior”(1963)
“Proba documental”(1968)
“Versos para un país de minifundios”(1969)
“Remol”(1970)
“Morrendo a cada intre”(1952)
“Terra Cha” (1954)
“Libro de pregos”(1962)
“Os soños na gaiola”(1968)
“Versos para cantar en feiras e romaxes”(1969)
“Cancións do lusco ao fusco”(1970)
“As rúas do vento ceibe”(1979)
“Obra poética completa”(2001)



NARRATIVA:

- “Contos en cuarto crecente”*(1952)
“Krikoi, Fanoi e D. Lobonís”(1973)
“O xornaleiro e sete testemuñas máis”(1971)

TEATRO:


- “Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela”*(1979)
“Auto do camiñante”(1985)
“Entremés da OTAN”(1986)

ENSAIO:


- “Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega”* (1968)
“A presenza do mar na poesía galega”(1991)
“A recuperación da narrativa en galego: Ánxel Fole”(1997)

6º CURSO

USO DA LINGUA GALEGA NOS CURSOS DE PRIMARIA CEIP NAZARET



Usas o galego noutros lugares?



Dáche igual falar galego ca castelán, ou resúltache máis fácil unha das dúas linguas? Cal?



Uso da lingua galega en Educación Primaria

Nós, os alumnos e alumnas de 6º, estivemos realizando unha enquisa aos nen@s de primaria aproveitando as clases de informática e de galego. Á vista dos resultados que se poden observar nos gráficos opinamos que fóra do colexio deberíase falar máis galego porque vivimos en Galicia e a lingua é unha riqueza cultural que deberíamos coidar. Teríamos que falar as dúas linguas por igual e o que se comproba é que na vida fóra do Centro a lingua que se usa case exclusivamente é o castelán.

Nós pensamos que en xeral (profesores e alumnos) deberíamos falar máis galego. Tamén nos parece que é moi importante que os profesores o falen porque son os que nos ensinan.

Para potenciar a lingua galega pensamos que é bo facer máis actividades nesa lingua e ler máis libros en galego. Aínda que o que máis axuda e é o que máis nos costa, é falala. Tamén deberíase inculcar dende a casa, porque por moito que se fale galego no colexio, se non se fala na casa, de pouco serve que se fale galego no colexio.

Que semanas movidas me tocou vivir. Castelos voantes, vagalumes xigantes, monstros que xurdían na escuridade por magos e bruxas... só faltaban as curuxas....

Agora todo está en calma, pero como aviso aos que teñan por labor a garda e custodia da nosa biblioteca, escribo estas memorias para que estean preparados por se volven...

Comezarei por onde se debe comezar...

Meu nome, Colitas, escudeira e amiga inseparable do meu señor e cabaleiro Don Chispín de Nazaret.

Hai uns meses meu valente señor marchou presto e veloz ao encontro da súa Dulciavoa, mentres eu quedei aquí gardando as nosas terras e os vosos libros.

Todo transcorría paseniño coa naturalidade de sempre, caravanas de criaturas cargadas con libros viñan a intercambialos nas nosas despensas, algun que outro personaxe de maior altura (supoño que sería o seu guía) recitaba versos ou lía historias ao seu grupo que se sumía no silencio e na atención... e así día tras día, noite tan noite, ata que non houbo día, e reinou a noite...

Todo mudou de repente. Fun facer a ronda diaria polo Castelo e as habitacións de Infantil e Primaria, voltei a miña atalaia, a árbore, dende onde observo toda a biblioteca. Era noite, pero non unha noite normal. Por primeira vez dende que resido nesta miña morada, contemplei as estrelas, brillaban tan cerca que case podía roelas. Tan bonitas eran, co seu hipnótico fulgor, que tentando contalas quedei durmida...



E espertei co toque de corneta que Jose, conserxe da garda real do reino de Nazaret, tocou como todos os días.



Pero non era día, era noite. As estrelas seguían a brillar e o sol non aparecía por ningures. Non saía do meu asombro, non sabía que facer, a onde ir... tanto ten. De pedra quedei. Quedo. Mudo. Petrificado estaba ante o que ocorreu despois.

Baixouse a ponte levadiza, abríronse as portas do castelo e entraron. Do medio da escuridade xurdiron unha mestura de vagalumes xigantes e cíclopes co ollo luminoso. Sempre

viñan en grupos. Sempre co mesmo ritual. Xuntábanse arredor da fogueira e recitaban receitas e feitizos. Iluminaban os seus libros de meigallos coa luz do seu ollo...e nunha parede, só movendo as súas mans, traían dende a escuridade todo tipo de feras e bestas negras como a noite que deseguido facían desaparecer.



Cos seus meigallos, trouxeron tamén barracas e pousadas onde se reuniron para falaren dos seus libros de maxia, e comunicarensen por medio de murmuos e luces...

Non sei ben canto durou aquel aquelarre. O sortilexio que tiña engaiolado ao sol fixo imposible contar os días. Durante ese tempo non tomei bocado algún. Nin me movín, paralizado polo estupor. Tan só as miñas pálpebras se pechaban polo cansazo entre que marchaba unha manada e chegaba a seguinte.

Tal como chegaron, marcharon. Un bo día abrín os ollos e era día. Non había noite nin estrelas. Nin pousadas nin barracas. Nin vagalumes xigantes nin cíclopes luminosos. Nin meigas nin magos. Todo volveu á normalidade.



Cando conseguín moverme, pasei revista aos vosos libros, e libros ás vosas revistas. Todo en orde. Todo ben. Se cadra foi unha primeira expedición de recoñecemento e volverán. Quen sabe. De ser así, agardo que Don Chispín de Nazaret estea xunto a min para facerlles fronte. De non estar nin el nin eu, deixo as miñas vivencias neste escrito para que se poidan preparar as defensas da mellor maneira.



Os feitos que aquí se relatan, aconteceron aproximadamente entre o vinte e o vinteseite do mes de abril do ano de dous mil e dez e seis anos, no 400 aniversario de Don Quixote da Mancha.

Asinado:

Cositas de Nazaret

Na horta

Ai, bichos bichiños! Bichos hai moitos, algúns fermosos e coloridos como as xoaniñas ou algúns escaravellos e outros feos e ata repugnantes como as cascudas ou os vermes (todo depende dos gustos), mais todos e cada un deles teñen unha función destacada no ciclo da vida. A xoaniña ademais de aledarnos coas súas cores, axúdanos a combater os pulgóns tan danosos para algúns cultivos e froiteiros como a cerdeira. Os vagalumes son bichiños sorprendentes que alumean na escuridade e tamén comen as lesmas que se alimentan das nosas leitugas.

Estes son algúns exemplos de insectos que nos axudan cos nosos cultivos pero se queremos manter unha horta saudable de xeito natural sen o uso de produtos químicos, hai outras cousas a ter en conta.

O primeiro é a prevención, polo que teremos un especial coidado co deseño e a preparación do terreo. A terra ten que estar ben nutrida, con abonos naturais de orixe animal ou vexetal, todo o que botamos ao composteiro axuda a producir o abono vexetal. Outros bichiños, as miñocas de terra, axudan á descomposición e compostaxe destes restos.

Evitar o monocultivo e facer unha correcta rotación de cultivos evitaranos moitas pragas e enfermidades nas nosas sementes.

Se ademais realizamos unha correcta asociación de cultivos lograremos que as plantas se protexan unhas as outras. Por exemplo se plantamos o allo porro xunto coa cenoria protexerá a esta da mosca, mentres que a cenoria protexe ao allo porro da aveláña. As plantas aromáticas, estratexicamente situadas, son tamén poderosos insecticidas naturais.

Outro factor a ter en conta para que a planta medre forte e obter uns froitos fermosos e saborosos é un bo control do regadío, evitando asolagamentos e sequidade.

Con coidados e agarimo teremos uns alimentos ricos e naturais para encher o bandullíño, medrar fortes e sans, alén de desfrutar dos diferentes sabores que nos proporciona a natureza.

Bo proveitiño!!!

ANPA Terazán

Colaboración: Da nosa horta


Debuxos finalistas



Leire Costa, 1ºB



Teo Sánchez, 4ºA



Raúl Martínez, 4 anos B



Carla Salgado, 3 anos B

Non me pises, que levo babas

Familia de Adrián Pastoriza, 6ºB

Ilustración de Paula Amigo, 5ºA

